

O grupo de goberno deberá asumir as súas responsabilidades ao conceder licenza á planta asfáltica de Parada de Ribeira

Xinzo da Limia, 8 de xuño de 2017. Logo de anos de tramitación e cun troco normativo polo medio, o grupo de goberno do PP ven de dar luz verde á posta en marcha da **Planta de produción de mestura bituminosa en quente na canteira de Bouzas, nº266, de Parada de Ribeira.**

De nada serviron os **centos de alegacións presentadas polos veciños e veciñas de Parada** e que agora, tres anos despois, **veñen de ser desestimadas polo propio Concello** ao entender que o proxecto se axusta á legalidade e cumpre todos os requisitos técnicos e administrativos.

Para o BNG **o punto de inflexión deste tema estivo en maio de 2014**, cando se tivo por primeira vez no Concello coñecemento do proxecto da empresa ao ser requirido durante a tramitación do expediente de Incidencia Ambiental. Como ven acontecendo habitualmente o **Alcalde, Antonio Pérez, e o seu Grupo de Goberno daquelas, non tomaron conciencia da verdadeira dimensión do problema** e despacharon o asunto coma un simple trámite, informando de que a actividade non era compatíbel co uso do chan, mais que podía ser autorizada pola Xunta. Deste xeito pasou **o momento chave de todo o proceso sen unha oposición clara e rotunda do propio Concello e sen alertar e informar aos veciños e veciñas**, que non puideron personarse no trámite para alegar co cal, finalmente, **a Declaración de Incidencia Ambiental foi favorábel á realización da actividade.**

A partires de aquí, e unha vez alertados os veciños de Parada polo inicio das obras de construción da planta **que a empresa xa estaba realizando sen licenza municipal, saltaron todas as alarmas e o PP, respondendo á mobilización veciñal**, tentou unha resposta tardía e, á vista dos recentes acontecementos, totalmente insuficiente.

Dende o grupo municipal do BNG **esixiremos todas as explicacións e responsabilidades** por un proxecto que consideramos altamente lesivo para os veciños e veciñas de Parada e unha nova agresión ao xa historicamente maltratado medioambiente da comarca da Limia. Ao tempo **lembrámoslle ao Sr. Pérez que comprometeu a súa dimisión no caso de que a planta abra as portas** e, desgraciadamente, isto xa é só unha cuestión de tempo.

Oficina de Imprensa. BNG Xinzo da Limia. imprensa@bngxinzo.gal
Xinzo da Limia | 8-6-2017